

Convenio colectivo da empresa Dalphi-metal España, S.A. (Anos 2003-2004)¹

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio será de aplicación ó persoal adscrito ós centros de traballo da empresa Dalphi-metal España, S.A., situados en Vigo e no Porriño (e por extensión a calquera lugar onde este persoal realice traballos por conta dela), tanto ó que xa se encontre

prestando servicios nos indicados centros como a todo aquel que ingrese no futuro durante a súa vixencia.

Artigo 2º.-Ámbito temporal e duración.

1. Este convenio entrará en vigor o día un de xaneiro de dous mil tres, independentemente da data da súa sinatura e a súa publicación no BOP ou no DOG.

2. A duración deste convenio será por dous anos a partir do un de xaneiro de 2003, concluíndo a súa vixencia o 31 de decembro de 2004.

3. Unha vez concluída a duración pactada, manterase a vixencia das cláusulas normativas nos termos que se pactase.

Artigo 3º.-Denuncia.

A denuncia, propondo a revisión do convenio por calquera das partes, realizarase por escrito e cunha antelación mínima de 15 días respecto á data de terminación da súa vixencia.

Artigo 4º.-Compensación de melloras e garantías individuais.

As condicións aquí pactadas, compensan e substitúen na súa totalidade ás que anteriormente rexeron por imperativos legais, xurisprudenciais, contenciosos ou administrativos, convenio sindical, pacto de calquera clase, etc. Respetarase o total dos ingresos individualmente percibidos con anterioridade ó convenio, sen que as normas deste poidan implicar mingua deles. Tal garantía será de carácter exclusivamente persoal, sen que poida entenderse vinculado a postos de traballo, categorías profesionais ou outras circunstancias análogas, polo que o persoal de novo ingreso non poderá alegar ó seu favor as condicións máis beneficiosas de que desfrutasen os produtores que anteriormente ocupasen os postos de traballo a que sexan destinados ou promovidos.

Artigo 5º.-Indivisibilidade do convenio.

O convenio é un todo orgánico indivisible, polo que se entenderá nulo e sen efecto de ningunha clase no suposto de que non fose aprobado na súa integridade.

Artigo 6º.-Incrementos e revisións.

1. Ano 2003: aplicarase un incremento lineal anual por importe de 692 A, que se aplicará á base salarial, incrementado o importe actual deste concepto nas táboas do convenio (692 A dividido entre 425 días ó ano para o persoal con retribución diaria, e 692 A dividido entre 14 pagas ó ano para o persoal con retribución mensual).

Se ó 31-12-2003 o IPC real deste ano supera o 3%, revisaranse as táboas salariais na diferenza en que o IPC real do ano 2003 superase o 3%, e isto con efectos do 1-1-2003.

2. Ano 2004: aplicarase un incremento lineal anual por importe de 630 A, que se aplicará á base salarial, incrementado o importe actual deste concepto nas táboas do convenio (630 A dividido entre 425 días ó ano para o persoal con retribución diaria, e 630 A dividido entre 14 pagas ó ano para o persoal con retribución mensual).

¹ DOG núm. 220, do 12 de novembro de 2003.

Se ó 31-12-2004 o IPC real deste ano supera o 3%, revisaranse as táboas salariais na diferenza en que o IPC real do ano 2004 superase o 3%, e isto con efectos do 1-1-2004.

Artigo 7º.-Salarios.

Para o ano 2003, os salarios serán os establecidos na táboa anexa I deste convenio.

Artigo 8º.-Antigüidade.

Os complementos persoais de antigüidade consistirán en dous trienios e quinquenios sen ningunha limitación, nas respectivas contías sinaladas na táboa anexa I deste convenio.

Artigo 9º.-Vacacións.

1. Para todo o persoal comprendido no ámbito deste convenio establécense 30 días naturais ó ano de vacacións, ou a súa parte proporcional se non levara un ano de traballo ó servizo da empresa.

2. O desfrute das vacacións efectuarase nun período de 29 días naturais (ou a parte proporcional no caso de non ter devengada a totalidade do dito período) máis o 24 de decembro, salvo que este día coincida en sábado ou domingo; neste caso negociarase co comité de empresa a data de desfrute do indicado día no calendario laboral anual correspondente.

3. Os días de vacacións aboaranse antes de empeza-lo seu desfrute, en función da respectiva retribución por base salarial, antigüidade, complemento de toxicidade, perigosidade e penosidade, e da respectiva media percibida nos tres meses anteriores por incentivos.

Como excepción ó anterior, respecto a aqueles traballadores que nos tres meses anteriores á data de desfrute das vacacións estivesen en incapacidade temporal por calquera continxencia, e sempre que a alta teña lugar antes do inicio do desfrute das vacacións, a retribución por incentivo correspondente ós días de vacacións será, en lugar da respectiva media obtida por este concepto nos tres meses anteriores ó seu inicio, a media do incentivo obtido por fábrica neses tres meses.

4. O persoal que se encontre en situación de IT derivada de accidente de traballo, maternidade, accidente non laboral (con hospitalización) e enfermidade (con hospitalización) durante o período de desfrute das vacacións, terá dereito a que a empresa lle sinala outra data para o desfrute delas, sempre que cause alta da referida IT antes de concluí-lo ano natural.

Artigo 10º.-Licencias.

1. O traballador, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración polos motivos que a seguir se detallan:

1º Matrimonio do traballador: 15 días naturais. En caso de ter lugar o feito causante (matrimonio) en período de desfrute de vacacións, os días de vacacións que coincidan cos días desta licenza desfrutaranse, posteriormente, dentro do ano natural.

2º Nacemento de fillos: 3 días laborais.

3º En caso de enfermidade grave do cónxuxe, parella de feito rexistrada ou de parentes ata 2º grao de consanguinidade (fillos, netos, irmáns, pais e avós do que solicita a licenza): 3 días naturais.

En caso de falecemento do cónxuxe, parella de feito rexistrada ou de parentes ata 2º grao de consanguinidade (fillos, netos, irmáns, pais e avós do que solicita a licenza): 3 días laborais.

4º En caso de falecemento ou enfermidade grave de parentes ata 2º grao de afinidade (pais, fillos, irmáns e avós políticos do que solicita a licenza): 2 días naturais.

5º Nos supostos previstos nos anteriores puntos 3º e 4º deste artigo, cando o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto o permiso incrementarase en 2 días naturais.

6º En caso de matrimonio de fillo ou de irmán consanguíneo: 1 día natural.

7º Morte de tíos consanguíneos: 1 día natural; o desfrute da licenza poderá se-lo día do falecemento ou o día do enterro.

8º Para asistencia a consulta médica: 16 horas ó ano.

Acórdase, con carácter experimental e ata o 31-12-2004, a posibilidade de dispor das 16 horas ó ano para acompañala consulta médica a familiares a cargo do traballador.

9º Traslado de domicilio: 1 día laborable.

10º Polo tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, aplicarase o que esta dispoña en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.

11º Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

12º As traballadoras, por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución de xornada normal nunha hora coa mesma finalidade. Este permiso poderá ser desfrutado indistintamente pola nai ou polo pai en caso de que ámbolos dous traballen.

2. O traballador terá dereito ó desfrute dos permisos non retribuídos necesarios para concorrer a exames, así como a unha preferencia a elixir quenda de traballo, cando asista ás clases e curse con regularidade estudos para a obtención dun título académico ou profesional e sempre que o aproveitamento dos seus estudos sexa como mínimo de superación do 75% das materias de que conste o curso correspondente.

3. O inicio do cómputo dos días de permiso efectuarase, para tódalas licencias, desde a data do feito causante, se ben o interesado, logo de acordo co departamento de persoal, poderá variar a data de uso dos días de permiso ou licencias que lle correspondan.

Para os efectos das licencias por enfermidade grave considerarase que o feito causante o constitúe o ingreso en centro hospitalario e desde o día seguinte á data do ingreso computarase a licenza, salvo que o interesado comunicase ó departamento de persoal o seu desexo de desfrutar do permiso desde o día da intervención cirúrxica; neste caso computarase a licenza desde esta data.

Artigo 11º.-Complemento de toxicidade, perigosidade e penosidade.

Os traballadores de tódolos postos de traballo actuais, mesmo os capataces e o persoal técnico de taller, excepto o persoal administrativo, subalterno e resto do persoal técnico, percibirá un complemento consistente en 0,40 A por hora efectiva de traballo. Aboarase nas vacacións polos días laborais que correspondan.

Artigo 12º.-Incentivos e procedemento de implantación de tempos.

1. Tódolos traballadores se comprometen a alcanza-lo rendemento ou actividade habitual, o cal se cifra en 125 puntos sobre 133 do sistema de incentivos vixentes na empresa. A táboa de rendementos e valores do sistema de incentivos serán os que se establecen na táboa anexa II deste convenio. (Non será preciso nas tarifas de incentivos que se establecen, ter en conta o previsto no artigo 31 da Orde do 8 de maio de 1961, e no artigo 73 da ordenanza de industrias

químicas, posto que as condicións pactadas implican xa as melloras que se establecen en tales disposicións). A prima do sistema de incentivos colectivo vixente terá que calcularse na mesma contía para tódolos traballadores dos centros de traballo de Dalphi-metal España, S.A. en Vigo e no Porriño.

O día 22 de cada mes será comunicado, mediante nota para o efecto colocada no taboleiro de anuncios da empresa, o rendemento alcanzado no período precedente de cálculo de incentivo.

2. Acórdase establece-lo seguinte procedemento para a implantación de tempos de produción derivados, tanto da introducción de novas pezas, operacións ou produtos, como da modificación do método operatorio, de instalacións ou de equipo industrial.

2.1. Unha vez realizados os estudos de tempos correspondentes (cronometrándose a máis de 1 operario), a dirección da empresa notificaralles ós representantes dos traballadores os novos métodos e os seus tempos provisionais correspondentes, debendo observarse:

-Comunicación da data na que se contabilizarán para o cálculo dos incentivos.

-Un período de 11 días laborables de adaptación ós novos métodos e tempos; sendo contabilizados a partir dese momento para efecto de cálculo de incentivos e introducíndose para tódolos efectos no sistema global de xestión da empresa.

2.2. Dentro do dito período de adaptación de 11 días laborables o traballador poderá reclamar perante os representantes dos traballadores, realizándose as seguintes accións:

-De forma inmediata os representantes dos traballadores instarán unha reunión da comisión paritaria de produtividade e competitividade que se creará para tal efecto (formada por 2 representantes dos traballadores e 2 representantes da dirección).

-Unha vez reunida a comisión paritaria, de non alcanzar ningún acordo se realizará unha comprobación do tempo coa presenza de 1 representante dos traballadores.

-No caso de continua-lo desacordo actuarase conforme o disposto no punto 2.3.

2.3. Nestes casos de desacordo ou conflito, as partes someteranse á decisión dun técnico na materia designado polas partes conxuntamente ou, a falta de acordo por rotación, da seguinte lista:

-Frare Española, S.A. (r/ Ourense, 25 de Madrid).

-Tea Cegos (r/ Bernardino Sahagún, 34 de Madrid).

-Organización de Sistemas de Trabajo y Productividad, S.L. (r/ Carrera de San Jerónimo, 17 de Madrid).

Por acordo das partes, a comisión paritaria poderá amplia-la anterior relación.

2.4. Efectuado o dictame do técnico o tempo establecido por este substituirá desde este momento ó tempo estimado existente.

Artigo 13º.-Gratificacións extraordinarias.

As gratificacións extraordinarias de xullo e Nadal consistirán en 30 días da base salarial, máis antigüidade e a media do incentivo dos últimos tres meses.

O cálculo do devengo das indicadas gratificacións extraordinarias efectuarase semestralmente.

Artigo 14º.-Participación en beneficios.

1. Esta gratificación será efectiva durante o primeiro trimestre do ano seguinte ó do exercicio ó que esta corresponda.

2. A gratificación de participación en beneficios correspondente ó exercicio do ano 2003 e ó exercicio do ano 2004 aboarase na contía de 991,67 A máis a antigüidade se a houber e a media do incentivo obtido nos meses de outubro, novembro e decembro do exercicio ó que corresponde a gratificación.

Artigo 15º.-Premio ó non absentismo.

Establécese a cantidade de 91,11 A para tódalas categorías, aboables ó 30 de xuño e 30 de decembro, en concepto de premio ó non absentismo, para aque-

les traballadores que en cada un dos semestres do ano, non permanecesen de baixa por incapacidade temporal, excepto se esta é derivada de accidente laboral.

Como excepción á regra xeral anterior, se a baixa se produce no último mes dun semestre e a alta tivese lugar dentro do primeiro mes do semestre seguinte -é dicir, entre o 1 de xuño ó 31 de xullo e entre o 1 de decembro e o 31 de xaneiro-, o premio soamente se perderá no semestre no que a baixa se produza, non computándose esta baixa no semestre seguinte, sempre e cando non se volva producir outra baixa.

O pagamento desta gratificación realizarase no anticipo correspondente ó 15 de xaneiro e 15 de xullo respectivamente.

Artigo 16º.-Complemento de transporte.

Aboarase un complemento de transporte de 81,68 A mensuais, excepto no período de vacacións.

Artigo 17º.-Nocturnidade.

1. Para o ano 2003, a contía do complemento de nocturnidade fíxase en 6,50 A/día traballado en quenda de noite.

2. Para o ano 2004, a contía do complemento de nocturnidade fíxase en 6,75 A/día traballado en quenda de noite.

Artigo 18º.-Quenda especial.

1. Establécese un complemento salarial de posto de traballo para o persoal que preste os seus servizos na quenda especial co horario de traballo que inclúe os sábados e domingos.

2.1. Para o ano 2003, a contía do dito complemento salarial será de 2 A por cada hora ordinaria traballada en sábado ou domingo.

2.2. Para o ano 2004, a contía do dito complemento salarial será de 2,10 A por cada hora ordinaria traballada en sábado ou domingo.

Artigo 19º.-Xornada de traballo.

Para os anos 2003 e 2004 a xornada de traballo será de 1.752 horas/anuais de traballo efectivo.

Artigo 20º.-Formación profesional.

A formación profesional interesa tanto á dirección da empresa, como ó traballador, xa que beneficia a ámbalas dúas por igual, polo que se acorda:

1. A formación impartida durante a xornada ordinaria terá o tratamento de actividade ordinaria. Cando a formación teña lugar fóra da xornada ordinaria rexerase nos seguintes termos:

-A formación será de carácter voluntaria.

-Compartirase o tempo investido nela entre o traballador e a empresa por igual (remunerándose como xornada ordinaria a metade do tempo investida nela).

-A formación de operarios directos cando se dea produción de pezas, o operario será remunerado ó prezo de hora extra.

2. O tempo investido en formación non se computará, en ningún caso, como extraordinario.

3. Posto que o noso principal obxectivo é garanti-lo servizo ó cliente e co obxecto de compaxinar este coa formación; consideramos que calquera día é válido para impartir formación (laborables, sábados, días de expediente de regulación de emprego), exceptuándose os domingos, festivos e días de vacacións, agás pacto en contrario de disfrute posterior.

4. Estudaránse as propostas do comité de empresa respecto de posibles plans de formación para realizar na empresa.

Artigo 21º.-Absentismo.

1. En caso de incapacidade temporal derivada de accidente de traballo ou enfermidade profesional, garantiránse as cantidades necesarias para completa-las prestacións da Seguridade Social ata o 100% da base total de cotización.

2. En caso de incapacidade temporal derivada de enfermidade común con hospitalización ou de accidente non laboral con hospitalización, a partir do día da hospitalización e ata a súa reincorporación ó posto de traballo completaránse as prestacións da Seguridade Social ata o 90% da base total de cotización.

3. No suposto de incapacidade temporal derivada de enfermidade común de longa duración ou de accidente non laboral de longa duración, certificada por especialistas, a partir do décimo sexto día mentres dure a situación de IT e como máximo ata 18 meses desde o inicio da IT, completaránse as prestacións da Seguridade Social ata o 90% da base total de cotización.

4. Ás prestacións por incapacidade temporal derivada de enfermidade común, a partir do décimo primeira día e ata o corenta ámbolos dous incluídos, engadiráselle un complemento de prestacións de 2,25 A/día.

Artigo 22º.-Comisión paritaria.

Para solucionar tódalas dúbidas e diferencias que poidan xurdir durante o período de vixencia do convenio, en canto á súa interpretación e aplicación se refire, serán canalizados a través da comisión paritaria, en canto que serán estudias e propostas as solucións e decisións que en cada caso ou situación se requiran, todo isto sen prexuízo da facultade que cada unha das partes que requira a intervención da autoridade laboral competente e as accións que a lei outorga para acudir á vía xurisdiccional e administrativa. Esta comisión paritaria estará composta por dous membros de cada representación.

A indicada comisión paritaria iniciará o estudo para a actualización das actuais categorías profesionais que figuran no convenio, debendo concluír tal estudo antes dun ano.

Artigo 23º.-Seguridade e saúde laboral.

1. Formarase un comité de seguridade e saúde nos termos que marca a lei.

2. O comité de seguridade e saúde terá tódolos dereitos que a normativa legal prevé, ademais de exercer un labor de vixilancia das condicións de seguridade e hixiene de tódolos postos de traballo, seccións ou dependencias da fábrica onde o persoal preste servizos.

3. O comité de seguridade e saúde informará a dirección da empresa dos defectos e perigos que advirtan en materia de seguridade e hixiene, ós que proporán, se é o caso, as medidas preventivas necesarias.

4. O comité de seguridade e saúde poderá solicita-la información que estea en poder da empresa sobre os riscos que poidan ocasiona-la manipulación dos produtos que se utilicen no proceso productivo.

5. Roupa de protección: a empresa informará o comité de seguridade e saúde sobre as pezas de roupa de protección que se lle faciliten ó persoal.

6. Recoñecemento médico: tódolos traballadores da empresa terán dereito e obriga a unha revisión médica ó ano, entre os meses de marzo e xuño. Aqueles traballadores que polo seu habitual posto de traballo estean expostos a un maior risco de contaminación (planta de escumado e cadea de pintura) terán dereito e obriga a dous recoñecementos médicos de carácter específico ó ano, un entre os meses de marzo e xuño e o outro entre os meses de novembro e decembro. O recoñecemento médico efectuarase durante a xornada laboral e o tempo investido nel será retribuído.

7. Daqueles accidentes de traballo que sexan cualificados como graves ou moi graves pola mutua patronal de accidentes de traballo, a empresa facilitará fotocopia do parte de accidente ó comité de seguridade e saúde.

8. Fíxanse como límites normais de temperatura e humidade nos locais polos distintos traballos, sempre que o proceso de fabricación o permita os seguintes:

-Para traballos sedentarios, de 17 a 22 graos centígrados.

-Para traballos ordinarios, de 15 a 18 graos centígrados.

-Para traballos que esixan acusado esforzo muscular, de 12 a 15 graos centígrados.

A humidade relativa da atmosfera oscilará de 40 a 60 por cento, salvo nas instalacións que haxa perigo por xerarse electricidade estática que deberá estar por riba do 50 por cento.

9. En todo centro de traballo existirán retretes con descarga automática de auga corrente e papel hixiénico. Instalaranse con separación de sexos, cando se empreguen máis de dez traballadores. Nos retretes que vaian ser utilizados por mulleres instalaranse recipientes especiais pechados.

10. En tódolos traballos ó aire libre dotarase ós traballadores de roupa de protección persoal para evitar rigores climáticos.

11. O soldador e os seus axudantes en operacións propias da función disporán e utilizarán viseiras, capuchóns ou pantallas para protección da súa vista e discos ou manoplas para protexelas súas mans, mandís de coiro e botas, que reunirán as características sinaladas no capítulo XIII da ordenanza xeral de seguridade e hixiene.

12. Extintores portátiles: en proximidade ós postos de traballo con maior risco de incendio, colocados en sitio visible e accesible disporanse extintores portátiles ou móbiles sobre rodas, de escuma física ou química, mestura de ámbalas dúas ou pos secos, anhídrido carbónico ou auga segundo conveña á causa determinante do lume que haxa que extinguir. Cando se empreguen distintos tipos de extintores serán rotulados con carteis indicadores do lugar e clase de incendio no que se deben empregar.

Instruirase o persoal, cando sexa necesario, do perigo que presenta o emprego de tetracloruro de carbono e cloruro de metilo en atmosferas pechadas, e das reaccións químicas perigosas que se poidan producir nos locais de traballo entre os líquidos extintores e as materias sobre as que se poidan proxectar.

Os extintores serán revisados periodicamente e cargados segundo as normas das casas constructoras inmediatamente despois de usalos.

13. Equipos contra incendios: nas industrias ou centros de traballo con grave risco de incendios instruírse e adestrarase especialmente o persoal integrado no equipo ou brigada contra incendios, sobre o manexo e conservación das instalacións e material extintor, sinais de alarmas, evacuación dos traballadores e socorro inmediato ós accidentados. O persoal dos equipos contra incendios disporá de cascos, traxes illantes, botas e guantes de amianto e cintos de seguridade, así mesmo disporá se for preciso, para evitar específicas intoxicacións ou sufocación, de máscaras ou equipamento de respiración autónoma. O material asignado ós equipos de extinción de incendios, escalas, cubertas de lona ou tecidos ignífugos, hachas, picos, pas, etc. non poderá ser usado para outros fins e a súa localización será coñecida polas persoas que deban empregalo. A empresa designará o xefe de equipo ou brigada contra incendios, que cumprirá estrictamente as instrucións dictadas polo comité de seguridade e saúde para a extinción de lume e as do servizo médico da empresa para o socorro dos accidentados.

Artigo 24º.-Roupa de traballo.

1. Proverase a todo o persoal de dúas pezas de roupa de traballo ó ano, a entrega das cales se efectuará no mes de xaneiro. Ó persoal que preste os seus servizos nas cadeas de inxección e pintura ou postos de traballo con características similares (industrialización, lanzamentos, forrado, etc...) como

mínimo seis meses no ano entregaráselle unha peza máis ou mandil no mes de xullo.

2. O persoal poderá utiliza-la roupa de traballo que lle fose facilitada no ano en curso e no anterior.

3. Así mesmo, ó persoal de fabricación tanto directo como indirecto se lle entregará anualmente un par de zapatos de seguridade; ó persoal da planta metálica, en lugar do par referido de zapatos, daráselle anualmente un par de botas de seguridade.

Artigo 25º.-Medidas sindicais.

As horas do crédito horario establecido legalmente para os membros do comité de empresa ou delegados sindicais poderán ser acumuladas en favor dun ou varios membros do comité, logo de aviso ó departamento de persoal no mes anterior á acumulación, salvo as circunstancias ou casos excepcionais nos que non se poida facer coa dita antelación, e debendo constar en todo caso por escrito a conformidade do membro cedente do seu crédito horario.

Artigo 26º.-Capacidade diminuída.

No suposto de invalidez permanente parcial, o traballador afectado terá dereito preferente para ocupar aquela vacante de posto de traballo existente ou de nova creación que poida desempeñar con eficacia suficiente e sexa da súa categoría profesional. No expediente interno que se incoe para o efecto oírse o comité de empresa e o servizo médico da empresa.

Artigo 27º.-Seguro colectivo.

1. A empresa comprométese a actualiza-la póliza de seguros a favor dos traballadores da empresa, para cubri-las continxencias e polos capitais que se sinalan:

a) En caso de falecemento por causas naturais: doce mil setecentos cincuenta (12.750 A) euros.

b) En caso de falecemento por accidente: vinte mil setecentos (20.700 A) euros.

c) En caso de invalidez permanente absoluta para todo traballo derivada de accidente: vintetrés mil cento trinta e nove (23.139 A) euros.

d) En caso de invalidez permanente absoluta para todo traballo derivada de enfermidade: dezanove mil oitocentos trinta e catro (19.834 A) euros.

2. O compromiso adquirido neste artigo producirá efecto e entrará en vigor a partir do próximo 1 de outubro de 2003.

Artigo 28º.-Xubilación.

1. Xubilación forzosa: para todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste convenio establécese a xubilación forzosa e cesamento na empresa ó alcanza-la idade regulamentaria (65 anos) para acceder á situación protexida de xubilación, sempre que o traballador reúna o período mínimo de carencia (actualmente, 15 anos) esixido no sistema da Seguridade Social para causar dereito á pensión de xubilación. No caso de que o traballador afectado non acredite o indicado período mínimo de carencia

para causar dereito á pensión de xubilación, poderá continua-la súa vinculación e prestación de servizos na empresa polo tempo necesario ata alcanza-lo referido período mínimo de carencia (15 anos).

Como excepción á obrigada xubilación forzosa e cesamento na empresa ó alcanza-la idade regulamentaria (65 anos), establécese a posibilidade de que o traballador que nesa data non acredite o período de cotización efectiva e/ou bonificada (35 anos de cotización) para ter dereito á pensión de xubilación do 100% da base reguladora poida prorrogar-la súa vinculación e prestación de servizos na empresa polo tempo necesario para alcanza-lo requirido período de cotización (35 anos) e, en calquera caso, como máximo durante tres anos máis (ata os 68 anos de idade).

2. Xubilación voluntaria anticipada: os traballadores con 64 anos cumpridos que desexen acollerse á xubilación co 100% dos seus dereitos nas condicións previstas no Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo, comunicarán a súa decisión á empresa cun mes de antelación á data da súa xubilación. Recibida a anterior comunicación, a empresa deberá proceder, simultaneamente co cesamento por xubilación, á contratación do traballador substituto nos termos e condicións do referido Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo.

Respecto ós traballadores con 63 anos de idade, a empresa poderá estudar as eventuais propostas que lle formule calquera empregado deste colectivo.

Artigo 29º.-Lexislación subsidiaria.

No non previsto neste convenio e demais normativa de índole xeral, as partes contratantes expresamente conveñen en que o texto da ordenanza de traballo para as industrias químicas do 14 de xullo de 1974 se aplicará a título de dereito dispositivo en canto as ditas materias non estean reguladas polo convenio colectivo, e Estatuto do traballador e pola LOLS no relativo a sindicatos, comité de empresa e seguridade e hixiene no traballo.

Artigo 30º.-Comisión negociadora.

Este convenio colectivo foi negociado entre a totalidade do comité de empresa do centro de traballo de Vigo e o delegado de persoal do centro de traballo do Porriño e a representación da dirección da empresa.

Disposicións adicionais

Primeira.-Diferenciación entre oficina técnica/servizos comúns e fabricación.

O comité de empresa é partícipe da diferente regulación en canto ás condicións laborais, distribución de xornada ordinaria e/ou extraordinaria e calendario laboral que debe existir nos departamentos de oficina técnica/servizos comúns (industrialización, enxeñería, loxística externa, administración, persoal, planificación de produción, contabilidade analítica, laboratorio), respecto ó departamento de fabricación, dadas as especiais características que concorren na

actividade que desenvolverán naqueles departamentos. Informarase debidamente o comité de empresa.

Segunda.-Contratación temporal.

Establécese, expresamente, que durante a vixencia deste convenio será de aplicación á empresa o pactado no nº 9 e nº 2 do artigo 13 do XIII Convenio xeral da industria química (BOE nº 152, do 26 de xuño de 2001).

**Táboa anexa I
(ano 2003)**

Categoría profesional	Base salarial mensual euros	Trienio mes euros	Quinquenio mes euros
Director técnico	1.496,16	27,97	55,96
Subdirector técnico	1.351,60	25,53	51,05
Técnico xefe	1.187,13	23,13	46,19
Técnico	1.105,81	20,66	41,36
Perito enxeñeiro técnico	1.036,37	19,68	39,41
Graduado social	904,03	19,68	39,41
Axudante técnico	941,78	19,68	39,41
Mestre industrial	889,49	19,68	39,41
Contramestre	926,03	19,68	39,41
Encargado	904,05	19,68	39,41
Capataz	867,88	19,68	39,41
Auxiliar de laboratorio	824,69	19,68	39,41
Aspirante auxiliar de laboratorio	641,83	13,52	26,98
Xefe organización de 1ª	973,50	19,68	39,41
Xefe organización de 2ª	929,99	19,68	39,41
Técnico organización de 1ª	899,28	19,68	39,41
Técnico organización de 2ª	871,53	19,68	39,41
Auxiliar de organización	812,20	19,68	39,41
Aspirante de organización	641,83	13,52	26,98
Xefe de 1ª administrativo	1.037,05	19,68	39,41
Xefe de 2ª administrativo	973,51	19,68	39,41

Oficial de 1ª administrativo	925,12	19,68	39,41
Oficial de 2ª administrativo	889,49	19,68	39,41
Auxiliar administrativo	806,47	19,68	39,41
Aspirante administrativo	641,83	13,52	26,98
Delineante proxectista	997,24	19,68	39,41
Delineante	940,43	19,68	39,41
Calcador	866,07	19,68	39,41
Auxiliar técnico oficina	806,47	19,68	39,41
Aspirante	641,83	13,52	26,98
Almaceneiro	823,49	19,68	39,41
Conserxe	799,67	19,68	39,41
Capataz de peón	808,03	19,68	39,41
Listeiro	795,43	19,68	39,41
Basculeiro	780,11	19,68	39,41
Garda xurado	780,11	19,68	39,41
Persoal sanitario non titulado	759,75	19,68	39,41
Garda vixilante	766,87	19,68	39,41
Ordenanza	771,17	19,68	39,41
Porteiro	771,17	19,68	39,41
Diversos	771,17	19,68	39,41
Aprendiz	641,83	13,52	26,98

Categoría profesional	Base salarial diaria euros	Trienio día euros	Quinquenio día euros
Limpadora	24,94	0,66	1,31
Oficial de 1ª auxiliar	27,03	0,66	1,31
Oficial de 2ª auxiliar	26,27	0,66	1,31
Oficial de 3ª auxiliar	26,09	0,66	1,31
Aprendiz de 16 anos	20,75	0,45	0,88
Aprendiz de 17 anos	20,75	0,45	0,88
Profesional de 1ª industrial	26,27	0,66	1,31

Profesional de 2ª industrial	26,09	0,66	1,31
Axudante	25,84	0,66	1,31
Peón	25,60	0,66	1,31

Categoría profesional	Base salarial diaria euros	Trienio día euros	Quinquenio día euros
Pinche de 16 a 17 anos	21,77	0,45	0,88
Encargado de actividades comple.	26,27	0,66	1,31
Oficial de 1ª A.C.	26,09	0,66	1,31
Oficial de 2ª A.C.	25,04	0,66	1,31
Aprendiz primeiro ano	18,94	0,36	0,68
Aprendiz segundo ano	19,82	0,36	0,68

Categoría profesional	Base salarial mensual euros	Trienio mes euros	Quinquenio mes euros
Persoal técnico			
Axudante técnico sanitario	889,49	19,68	39,41
Profesor EXB	889,49	19,68	39,41
Analista de laboratorio	832,82	19,68	39,41
Xefe de proceso de datos	1.187,13	23,14	46,24
Analista	1.036,37	19,68	39,41
Xefe de explotación	1.036,37	19,68	39,41
Programador de ordenadores	930,00	19,68	39,41
Programador de máquinas auxiliares	941,87	19,68	39,41
Operador de ordenadores	941,87	19,68	39,41
Empregados			
Xefe de vendas, prop. e/ou publicidade	1.037,05	19,68	39,41

Inspector	1.005,12	19,68	39,41
Delegado	951,75	19,68	39,41
Axente de propaganda e/ou publicidade	917,03	19,68	39,41
Viaxante	917,03	19,68	39,41
Corredor en praza	871,12	19,68	39,41

Táboa anexa II
Incentivos (ano 2003)

Rendementos	Euros
104	25,23
110	55,02
116	87,15
122	142,18
125	169,72
126	178,89
127	188,06
128	197,23
129	206,41
130	215,60
131	224,71
132	233,91
133	236,20